Le con atención:

## AS ESTACIÓNS E O ECOSISTEMA MARIÑO

Os animais e as plantas non poder ir comprar á tenda o que precisan para comer.
Teñen que buscar e capturar os alimentos onde estean.
As algas e as plantas son a base da cadea alimentaria,
porque elas fan a súa propia comida grazas á luz solar e aos minerais do solo.
No mar as algas serven de alimento aos animaliños máis pequenos
(algúns deles só se poden ver ao microscopio).
Estes animais e algas tan pequenas forman o que se chama plancto.
Algúns destes animaliños pequerrechos quedan na mesma forma toda a vida,
pero outros son larvas que ao medrar convértense en animais máis grandes coma pasa cos camaróns.
Os animais un pouco maiores aliméntanse tamén de plancto, ou de animais máis pequenos ca eles.
Así uns tras dos outros van servindo de alimento cada vez a animais máis grandes.

Algas → animais microscópicos → animais pequenos → animais máis grandes

## CADEAS ALIMENTARIAS NO MAR:

| Cadeas alimentarias no mar | | |
|---|---|---|
| **Seres vivos do ecosistema** | **As presas ( O que comen)** | **Os depredadores ( Os que os comen)** |
| As algas microscópicas | Recibe a súa enerxía do sol e toma os minerais que precisa do chan | Os peixes pequenos, os cangrexos, os camaróns e o plancto animal |
| As algas grandes | Recibe a súa enerxía do sol e toma os minerais que precisa do chan | Os ourizos de mar,os caracois e os cangrexos |
| Os animais microscópicos | O plancto | Os peixes pequenos, os cangrexos, os camaróns e o plancto animal |
| Os ourizos de mar | As algas | Os peixes, os cangrexos e os caracois |
| Os cangrexos | As algas e outras plantas, os peixes pequenos, as miñocas, materia en descomposición | Os humanos, os polbos, os peixes grandes e outros cangrexos |
| Os peixes pequenos | O plancto e outros animais pequenos | Os peixes máis grandes, cangrexos |
| Os peixes grandes | Os peixes pequenos, o plancto, os cangrexos, os camaróns, os ourizos de mar | Peixes aínda máis grandes, os golfiños, os humanos |
| Os humanos | os ourizos de mar, os cangrexos, os camaróns, os peixes grandes e pequenos | ningún |

# As estacións do ano

| PRIMAVERA |
|---|
| Na primavera todo comeza a brotar, as algas medran<br>e os animais acércanse preto da costa, onde encontran acochos<br>para esconder os seus ovos en augas pouco profundas,<br>nos buratos das rochas e entre as algas máis grandes<br>que servirán de niños para as pequenas crías.<br>O plancto medra e medra, e as crías atopan alimento dabondo. |

| VERÁN |
|---|
| No verán o plancto flota na superficie da auga, onde hai máis luz e máis calor.<br>Así as crías dos animais vanse facendo grandes con tantos alimentos ao seu alcance,<br>e con acochos abondo para se esconder.<br>O mar preto da costa está cheo de vida, pero sobre todo de crías pequenas<br>que aínda teñen que medrar moito . |

| OUTONO |
|---|
| No outono os ventos sopran tan forte coma na terra e levantan grandes ondas.<br>Estas rompen as algas grandes que hai no chan mariño.<br>Pequenos anacos destas algas flotan na superficie da auga,<br>dando alimento ás aves e a outros animais que viven no mar.<br>Os anacos de algas chegan tamén ás praias<br>e cando se descompoñen serven de alimento a outros seres vivos.<br>Os animais que naceron no verán seguen a medrar preto da costa. |

| INVERNO |
|---|
| O inverno trae tempo frío na terra e no mar.<br>Pero a auga nas nosas costas galegas aínda conserva a calor do verán nas zonas profundas.<br>As correntes mariñas empurran a area do fondo chea de nutrientes minerais,<br>ata a superficie da auga onde medran as algas microscópicas.<br>Pequenos invertebrados e peixes se acércanse á superficie para se alimentar deles.<br>Pero os que xa medraron dabondo marchan lonxe<br>na procura de comida máis grande que a que poden atopar preto da praia. |

Agora darédesvos de conta de por que as crías viven preto da costa.
Alí hai acochos entre as rochas e as algas, e abonda o alimento.
Cando estes animaliños medran, teñen que buscar outros tipos de comida
en augas máis profundas, ás veces, moi lonxe de onde se criaron.
Pero cando xa son grandes dabondo para ter fillos
volven á costa e van preto da beiramar
para pór os seus ovos e criar nas poceiras da praia.
No verán, podemos ver moitos animaliños pequenos,
que están coma bebés na gardaría, a medrar e medrar.

# ACTIVIDADES

1–Fai un debuxo dunha cadea alimentaria que ti queiras a partir do que aprendiches ata o de agora coa lectura do texto.

2.Que diferenzas hai entre estas dúas pozas? Botas algo de menos? No cadro 3 debuxa ti o que falta.



1



2



3

3–Que pasou na poza seca do conto de Perico?

4–Imos facer contas: Nunha poza da praia hai ao comezo do verán 100 caracois. Tamén hai unha estrelamar.

–Se a estrelamar comera cada día dous caracois; cantos caracois comería en 10 días?



↓

| | | |
|---|---|---|
|  | + |  |

– –Agora pensa:

–Se cada día do verán, catro nenos van á poza e collen cada un tan só 1 caracol, cantos caracois collerían en 10 días?

| | | | |
|---|---|---|---|
|  neno 1 |  neno 2 |  neno 3 |  neno 4 |

–Cantos caracois quedan na poza en 10 días de verán? (Lembra que a estrelamar tamén come caracois)

| | | |
|---|---|---|
|  | ↔ |  |

5–Explica que acontecería entón.

6–Colorea o debuxo



7–Completa as frases seguintes con estas palabras: ( animais, outros , alimento ,carnívoros , desaparecen, precisan, nutrientes)

Os ------- que viven xuntos nun ecosistema aliméntanse uns de ------. Cada animal ten ao seu --------. Uns son ---------- e outros herbívoros. Se desaparece o alimento dalgún deles os demais ----------- tamén. Os vexetais dun ecosistema tamén -------- dos animais, porque cando morren, os corpos dos animais enchen o solo de ---------- para os vexetais.

A poza de Perico é un ----------, porque hai auga, sol, algas, area no chan, e animais pequenos e grandes. Todos dependen uns dos outros para vivir.

Inventade agora entre todos unha pequena historia que ocorra nunha fraga. Os personaxes poden ser: un carballo, herba, sol, auga da chuvia, o chan, miñocas de terra, paxariños, bolboretas, flores e froitos silvestres.

(Para nenos de dez anos)

## CRUSTACEOS, MOLUSCOS E PEIXES.
## VERTEBRADOS E INVERTEBRADOS

A ver se o sabes:

1 – Quen é Perico?.....................................................................................................................................

2 – Que é Perico? ......................................................3 – Onde vive Perico?......................................................

4 – Poderías dicir se Perico ten esqueleto interno?................ 5 – Cantas patas ten Perico?................................

6 – Nomea outros animais que se parezan a Perico.

7 – Perico e os mexillóns viven na mesma poza. Di dúas diferenzas e dúas semellanzas entre un mexillón e un caranguexo.

Diferenzas

Semellanzas

8 – Nomea catro animais parecidos ao mexillón...........................................................................................

9 – Completa con estas palabras o seguinte: ( cangrexos, non acuáticos, nécora, duro, dez, camarón, centola, branquias)



Os .......................... son animais ................................ , ........ teñen esqueleto interno.

Están protexidos por unha cuncha ........, teñen ........... patas articuladas, respiran por ......................

Estes animais chámanse crustáceos.

Outros crustáceos son: a _ _ _ _ _ _, a _ _ _ _ _ _ _ _ , o _ _ _ _ _ _ _.

10 – Completa con estas palabras o seguinte: (non, branquias, cunchas, acuáticos, caramuxo, lapa, ameixa, berberecho, mexillóns).



Os ........................ son animais ................................ , ........ teñen esqueleto interno.

O que teñen son dúas ............... para os protexer. Respiran por .................

Estes animais chámanse moluscos.

Outros moluscos son: a _ _ _ _ _ _, o _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ , a _ _ _ _, o _ _ _ _ _ _ _ _

11 – Debuxa un crustáceo e un molusco.

12– Pon nome e rodea cun círculo vermello os crustáceos, e cun círculo azul os moluscos:

    

caracol, camarón, mexillón, berberecho, cangrexo.

13– Os crustáceos e os moluscos teñen en común que:

14– Os crustáceos e os moluscos diferéncianse en :

15– Na poza de Perico viven tamén peixes. Nesta lista hai tres peixes, márcaos con verde:
carneirolo, lorcho, ameixa, cangrexo, faneca, camarón, cabaliño de mar.

16– Clasifica eses animais nestes grupos:

moluscos crustáceos

peixes

17– Deles, uns teñen esqueleto interno e outros non. Sinala con azul os que teñen esqueleto interno.

18– Contesta con estas palabras: vertebrados, invertebrados.
Como se chaman os animais que teñen esqueleto interno? Chámanse ...............
Como se chaman os animais que non teñen esqueleto interno? Chámanse ..................

19– Completa coas palabras vertebrado ou invertebrado:
O caramuxo, o mexillón, a ameixa, a nécora, o camarón, a lapa, a lagosta, son animais _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _
O lorcho, a faneca, o cabaliño de mar, a pescada, o rapante, son animais _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

20– Os tres erros: A ver se atopas as tres diferenzas entre os dous debuxos.

 

Agora fai un debuxo dos animais invertebrados que máis che gusten.

(Para maiores de dez anos)

1–A ver se atopas nesta sopa de letras estes 11 nomes de animais que aparecen no conto de Perico.

(navalla– faneca– camarón– mexillón– cabaliño de mar– serrán– lapa– bocareo– ourizo– bicuda– bertorella )

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **B** | **E** | **R** | **T** | **O** | **R** | **E** | **L** | **L** | **A** | **O** | **C** |
| **I** | **O** | **S** | **R** | **E** | **U** | **Q** | **O** | **R** | **C** | **U** | **A** |
| **C** | **P** | **C** | **A** | **M** | **A** | **R** | **O** | **N** | **T** | **R** | **B** |
| **U** | **S** | **A** | **A** | **R** | **Q** | **T** | **D** | **P** | **I** | **I** | **A** |
| **D** | **C** | **R** | **L** | **R** | **V** | **A** | **C** | **O** | **N** | **Z** | **L** |
| **A** | **L** | **A** | **P** | **A** | **E** | **L** | **F** | **M** | **I** | **O** | **I** |
| **M** | **V** | **B** | **Q** | **F** | **P** | **U** | **B** | **V** | **A** | **G** | **Ñ** |
| **J** | **M** | **E** | **X** | **I** | **L** | **L** | **O** | **N** | **B** | **H** | **O** |
| **D** | **T** | **L** | **S** | **E** | **R** | **R** | **A** | **N** | **P** | **U** | **D** |
| **P** | **O** | **L** | **B** | **O** | **L** | **O** | **R** | **C** | **H** | **O** | **E** |
| **R** | **M** | **A** | **X** | **C** | **M** | **A** | **G** | **A** | **F** | **M** | **M** |
| **I** | **F** | **N** | **F** | **A** | **N** | **E** | **C** | **A** | **E** | **T** | **A** |
| **N** | **A** | **V** | **A** | **L** | **L** | **A** | **P** | **F** | **I** | **O** | **R** |

2-A ver si es quen de resolver

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **a** | | | | | | | | M | | | C | H | | R | | |
| **b** | O | N | | | | A | | L | | | C | H | | | | |
| **c** | | | | | | | | R | | | | C | | C | | |
| **d** | | | | | | | | | O | | | | | | | |
| **e** | | A | | | R | A | | V | | | | | | | | |
| **f** | | S | | G | R | | | | | | | | L | B | M | S |
| **g** | | | | | | | | | | | | | B | A | | |
| **h** | | A | | | | | | | | I | | A | | | | |
| **i** | | | | | | | | M | E | | | | | | | |
| **j** | | | | | Ñ | | | | | L | | | | | E | |
| **k** | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **l** | | | | | R | M | | | | | | | R | | X | |
| **m** | X | | | L | | | | | | | | A | | | | |
| **n** | | | | | | | | | | T | | | A | | | |

HORIZONTAIS:

a– Negación.–Secar.

b– Do revés: Aquilo que prexudica física ou moralmente a alguén. –Vogal. –Peixe mariño que vive na beiramar.

c– Rexión deshabitada. –. Lapas.

d– Tomar alimento.– Vogal.–Vogal.

e– Vogal– Animal de pel lisa que vive preto da auga e da grandes saltos.–Consoante.–Movemento de ascenso e descenso do mar que se produce pola atracción da lúa.

f– Consoante.–Iniciais dunha provincia española.– Conxunto de gases que forman a atmosfera terrestre.– Consoantes.

g– Animal crustáceo de dez patas, cangrexo.–Símbolo químico do bario.

h– Vogal.– Aro pequeno que se leva no dedo como adorno.–Vogal.– Do revés: Fai que algunha cousa perda beleza.

i– Efecto molesto dunha ferida.–Escama.–Desexo de comer.

i.–Buraco pequeno no terreo no que se almacena auga.– Consoante.–Nome de letra.–

k– Do revés: Colexio.– O que se sente cando aumenta a temperatura.–Pedra pequena de forma arredondada.–

l– Interxección que expresa admiración ou sorpresa.–Que non ten vexetación, deserto.–Pronome persoal.–Consoante.–Consoante.

m– Consoante.– Consoante.– Cangrexos vermellos.

n– Vogal.–Aquilo que se come e bebe para proporcionar aos seres vivos o que necesitan para manterse.–Vogal.

VERTICAIS:

1–Vogal.–Animal vertebrado que vive na auga , respira por branquias, ten o corpo cuberto de escamas.

2–Consoante.–Caracol.

3–Avanzo dentro da auga.–Vogal.– Buraco.

4–Do revés: temor.–Estrelamar.

5–Consoante.–Peixe de corpo alongado e comprimido lateralmente de cor parda ou amarela.–Consoante.–Consoante.–Consoante.

6–Partícula de rocha.–Preposición + pronome persoal.–Consoante.–Vogal

7–Seres vivos acuáticos que toman o alimento da luz do sol–Contracción de "con + o" .

8–Consoantes.–Percibiu algo polos ollos.– Consoante.– Vogal.– Vogal

9– Vogal .– Nota musical.– Vogal .–Consoante.–Consoante.

10–Consoante repetida.–Animal mariño, invertebrado con dúas cunchas negras.–

11–.–Consoante repetida.– Vogal.– Vogal.– Vogal.–Tentáculo do polbo–

12–Consoantes.–Consoante.–Vogal.–Vogal

13–Vogais.–Débil.–Animal que acaba de nacer.

14–Consoante.–Consoante.–Que lle falta a respiración.–Consoante

15–Vogal.–Consoante.– Animal mariño sen esqueleto que ten dúas cunchas .Molusco.

16–Consoante.–Consoante.–Vogal.–Vogal.–Consoante

Solucións:

| | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** | **6** | **7** | **8** | **9** | **10** | **11** | **12** | **13** | **14** | **15** | **16** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **a** | | | N | O | N | | | M | U | R | C | H | A | R | | |
| **b** | O | N | A | D | | A | | L | O | R | C | H | O | | | |
| **c** | | | D | E | S | E | R | T | O | | | C | U | C | O | S |
| **d** | | C | O | M | E | R | | | O | | | | | | | |
| **e** | | A | | | R | A | | V | | M | A | R | E | A | | |
| **f** | | S | | G | R | | A | I | R | E | | | L | B | M | S |
| **g** | | C | A | R | A | N | G | U | E | X | O | | B | A | | |
| **h** | | A | | A | N | E | L | | | I | | A | E | F | A | |
| **i** | | R | O | D | | L | A | M | E | L | A | | F | A | M | E |
| **j** | P | O | C | I | Ñ | A | | | | L | | | | D | E | |
| **k** | E | L | O | C | | | C | A | L | O | R | | C | O | I | A |
| **l** | I | O | | E | R | M | O | | | N | A | | R | | X | |
| **m** | X | | | L | | | | | | | X | A | I | B | A | S |
| **n** | E | | | A | L | I | M | E | N | T | O | | A | | | |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B | E | R | T | O | R | E | L | L | A | O | C |
| I | O | S | R | E | U | Q | O | R | C | U | A |
| C | P | C | A | M | A | R | O | N | T | R | B |
| U | S | A | A | R | Q | T | D | P | I | I | A |
| D | C | R | L | R | V | A | C | O | N | Z | L |
| A | L | A | P | A | E | L | F | M | I | O | I |
| M | V | B | Q | F | P | U | B | V | A | G | Ñ |
| J | M | E | X | I | L | L | O | N | B | H | O |
| D | T | L | S | E | R | R | A | N | P | U | D |
| P | O | L | B | O | L | O | R | C | H | O | E |
| R | M | A | X | C | M | A | G | A | F | M | M |
| I | F | N | F | A | N | E | C | A | E | T | A |
| N | A | V | A | L | L | A | P | F | I | O | R |